



AVISO DA DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR DUN EPISODIO DE FENÓMENOS METEOROLÓXICOS ADVERSOS PARA GALICIA

DATA DE ENVÍO: 24-08-2026

TIPOLOXÍA: TORMENTAS E CHOIVAS

NIVEL DE ALERTA: AMARELO

ACTUALIZACIÓN

A Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET) informa no boletín 300/71GAL emitido o día 24/08/2026 ás 08:39 h, dun fenómeno meteorolóxico adverso de nivel **AMARELO** por **TORMENTAS E CHOIVAS**_que afectará as provincias de **OURENSE (Sur, Montaña e Valdeorras)**.

Prevese que remita a primeiras horas da tarde en OURENSE (Sur), mentras en OURENSE (Montaña e Valdeorras) prolongarase ata ultimas horas da tarde desta xornada de luns 24 de agosto.

Esperase unha **precipitación acumulada nunha hora de ata 15 l/m2**. Un aviso de nivel amarelo por tormentas indica que na zona de aviso afectada prevense tormentas fortes.

Dado o carácter destes fenómenos existe a posibilidade de que se poidan producir tormentas de intensidade superior de forma puntual.

Polo que a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior comunícalles que, en previsión destes feitos: **ADOPTEN** as medidas preventivas necesarias ante as citadas predicións meteorolóxicas e, no seu caso, **ALERTEN** ou **MOBILICEN** aos medios e recursos a dispor. Ante calquera emerxencia chame ao 112.

No caso de precisar información máis puntual ou desagregada, chame ao Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112 Galicia, ou consulte a páxina web da AEMET: www.aemet.es, do CIAE 112: www.axega112.gal, e de Meteogalicia: www.meteogalicia.es